

culturas para compartir




XITANOS HOXE

Para máis información:

Fundación Secretariado Xitano
Rúa das Fontiñas 29, baixo
Tfno.: 981 554 190
susana.gonzalez@gitanos.org
vanessa.pineiro@gitanos.org

Departamento de Educación e Mocidade
do Concello de Santiago de Compostela
Rúa do Vilar 13, 1º.
Tfno.: 981 554 400/01
Fax: 981 571 511
dptoeducacion@aytocompostela.es
www.santiagodecompostela.org



Atención á interculturalidade presente nas aulas

A comunidade xitana conta no noso país con case seis séculos de historia. Os xitanos foron asimilando moitos elementos culturais que se atopaban neste territorio, que tamén é o seu.

O futuro da nosa sociedade vai ser ante todo unha realidade intercultural; é por iso prioritario educar ás novas xeracións no coñecemento das distintas culturas que integran o seu país, incluída a xitana. Esta interculturalidade supón unha riqueza e un valor engadido á sociedade, moi presente nos nosos centros educativos. Os prexuízos e estereotipos referentes a grupos sociais ou culturais apréndense. Os estereotipos non xorden da persoa, senón do medio social, apréndense e son reflexo da cultura e da historia. O coñecemento achega ás culturas e fainas máis flexibeis.

g obxectivos das actividades

Xerar accións para a comunidade educativa, con especial atención ao profesorado e ao alumnado, nun clima de respecto e aceptación da diversidade, traballando sobre a interculturalidade presente nas aulas e con especial atención da cultura xitana.

g destinatarios

Alumnado e profesorado dos centros educativos de ensino primario e secundario, que desexe acollerse a unha experiencia de asesoramento, formación e participación en accións relacionadas coa diversidade cultural.

g áreas de traballo

Exposición didáctica:
Culturas para compartir. Xitanos hoxe.

Formación do profesorado.



Exposición: culturas para compartir. XITANOS HOXE

g lugar e datas

IES Antón Fraguas.
Do 6 ao 20 de marzo de 2006.
IES Rosalía de Castro.
Do 22 de marzo ao 5 de abril de 2006.

As visitas á exposición pódense concertar por teléfono ou fax na Fundación Secretariado Xitano e no Departamento de Educación e Mocidade do Concello de Santiago.

g destinatarios

Alumnado e profesorado dos centros educativos de ensino primario e secundario.

g contidos

- **Visita guiada á exposición:** 56 paneis explicativos acompañados de fotografías que fan un interesante percorrido histórico, cultural e pola situación actual do colectivo xitano, relatados de primeira man por unha profesional da Fundación Secretariado Xitano que acompañará aos grupos visitantes. Pola súa vez, exporase unha pequena mostra sobre obxectos propios da cultura.
- **Recunchos lúdicos:** estes espazos contan con xogos físicos e interactivos co fin de facilitar un achegamento directo dos visitantes a claves culturais característicos da comunidade xitana (lingua, costumes, valores...)
- **Recuncho do contacontos:** para rematar a visita, ofrécese un último espazo onde se relatará un pequeno conto para por fin ao percorrido pola cultura xitana.



Formación do profesorado

g lugar e datas

Auditorio de Galicia (Burgo das Nacións)
27, 28 e 29 de marzo, desde as 18 ata as 20 horas.

g inscrición

A inscrición, pode formalizarse por fax na Fundación Secretariado Xitano e no Departamento de Educación e Mocidade do Concello de Santiago.

g contidos

– **Sesións formativas de atención á diversidade cultural**

Sesión 1: A integración socioeducativa das minorías étnicas na escola. Menores en desvantaxe social: as súas implicacións na escola.

Sesión 2: Estratexias de intervención con alumnado xitano: experiencias e boas prácticas.

Sesión 3: Información e coñecemento dos materiais didácticos existentes para traballar con alumnado xitano e minorías en xeneral.

